

Instrucións para descargar e cumprimentar o impreso de pagamento para regularizar as cotas do servizo de comedor , en xestión indirecta.

Os impresos pódense descargar no seguinte enlace [na oficina virtual da ATRIGA](https://ovt.atriga.gal/#!/detalle_servizo/?Pago+de+taxas+e+prezos/11609730/4126995/11609860/l/item-dark-blue):

https://ovt.atriga.gal/#!/detalle_servizo/?Pago+de+taxas+e+prezos/11609730/4126995/11609860/l/item-dark-blue

no anterior enlace pódense xerar os modelos en branco, ou modelos cos datos da taxa xa cubertos.

A continuación explicase a ruta a seguir ao acceder ao enlace:

1. Inicio

The screenshot shows the ATRIGA portal interface. At the top, there are logos for 'OV Tributaria' and 'Axencia Tributaria de Galicia', along with 'XUNTA DE GALICIA' and 'CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA'. The main content area is titled 'Pago de taxas e prezos' and includes a 'Descripción' section. A blue arrow points from the 'Iniciar taxa' button in the left sidebar to the text 'Clicar en Iniciar taxa' below the screenshot.

Clicar en Iniciar taxa

2.-clicar no candado aberto para acceder ao servizos sen necesidade de certificado dixital

MAPA DO PORTAL GALEGO CASTELÁN

OV Tributaria Axencia Tributaria de Galicia

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Busca 22/03/2024 Axudámoslle!

Para c Pago de taxas e prezos

Operacións Realizadas

Empresas e profesionais

Usuarios autorizados

Axúdanos a mellorar

Descrición Tramitación Normativa Axuda

Pago de taxas e prezos

Descrición

Este servizo permítelle realizar a autoliquidación de taxas e prezos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Poderá realizar a xestión por vía telemática ou presencial.

Se desexa tramitar a taxa por vía telemática, deberá introducir os datos da taxa e efectuar o pago da mesma. Para isto dispón das modalidades de pago telemático (carga en conta ou tarxeta) e pago presencial (mediante un impreso para presentar na entidade bancaria). Unha vez realizado o ingreso obterá o xustificante correspondente.

Se desexa tramitar a taxa de xeito presencial poderá obter un

Acceso

- Acceso con certificado
- Acceso libre

Servizo

- Certificado
- Confección en liña
- Consultas
- Impostos
- Pagos
- Tramitación

Tema

- Impostos e tributos
- Taxas e prezos públicos

Usuario

- Ciudadáns
- Empresas e profesionais

Localizador de trámites e servizos Descargas Verificación de documentos Requisitos de uso / acceso Coñeza OV Tributaria Aviso legal

XUNTA DE GALICIA © Información mantida e publicada na internet pola Consellería de Facenda e Administración Pública. Atendémolo

3.- Agora teriamos dúas opcións :

a) Se se queren cubrir os datos directamente na aplicación debe irse a Iniciar taxa .

MAPA DO PORTAL GALEGO CASTELÁN

OV Tributaria Axencia Tributaria de Galicia

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Busca 22/03/2024 Axudámoslle!

Este servizo só é válido para o pago de taxas e prezos públicos. Para realizar o pago de **multas ou sancións** débese acceder ao servizo "Pago telemático de multas e sancións", para realizar o pago dunha **liquidación notificada** pola Atriga débese acceder ao servizo "Consulta e pago de débedas" e, no caso de querer realizar o pago dun **impuesto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, transmisión de medios de transporte usado, sucesións ou doazóns**, débese realizar dende o seu correspondente servizo no momento da presentación telemática.

Iniciar tramitación electrónica
Cumprimentar o modelo de autoliquidación e realizar o pago da taxa. Poderá realizar o pagamento por dúas vías:
- **telemática**: con tarxeta de crédito/débito, Bizum ou cargo en conta
[Consulta de entidades colaboradoras no pagamento telemático](#)
- **presencial**: imprimir o modelo 731 cumprimentado para efectuar o pago presencial nunha entidade financeira colaboradora.
[Consulta de entidades colaboradoras no pagamento presencial](#)

Operacións realizadas e pendentes
Accións posibles sobre operacións realizadas ou iniciadas:
- consultar unha operación xa realizada
- retomar unha operación pendente de finalizar
- anular unha operación en fase inicial

Descargar modelo en branco
Modelo de autoliquidación para cumprimentar a mán segundo as instrucións que lle facilite o órgano xestor da taxa ou prezo, efectuar o pago nunha entidade financeira colaboradora e presentalo no órgano xestor da taxa ou prezo.

Iniciar taxa

Operacións

Descargar modelo

XUNTA DE GALICIA © Información mantida e publicada na internet pola Consellería de Facenda e Administración Pública. Atendémolo

e iríanse cubrindo os datos ata o remate cando saia o impreso cuberto

The screenshot shows the 'Autoliquidación e pago de taxas e prezos' form. At the top, there is a search bar with 'Busca' and a 'Buscar' button. The date is '22/03/2024' and there is a 'Axudámoslle!' link. The form title is 'Autoliquidación e pago de taxas e prezos'. Below the title, there is a button labeled '1 Datos da taxa'. Underneath, there are four dropdown menus labeled 'Códigos': 'Consellería*', 'Delegación*', 'Servizo*', and 'Taxa*'. At the bottom of the page, there is a footer with 'XUNTA DE GALICIA' and '© Información mantida e publicada na internet pola Consellería de Facenda e Administración Pública. Atendémolo'.

b) outra opción é descargar o modelo en branco para cubrir o impreso fóra da aplicación, neste caso débese pulsar sobre o item Descargar o modelo

The screenshot shows the 'Descargar modelo en blanco' option. A blue arrow points from the text above to the 'Descargar modelo' button. The page contains three main sections: 'Iniciar tramitación electrónica', 'Operacións realizadas e pendentes', and 'Descargar modelo en blanco'. The 'Descargar modelo en blanco' section includes the text: 'Modelo de autoliquidación para cumprimentar a mán segundo as instrucións que lle facilite o órgano xestor da taxa ou prezo, efectuar o pago nunha entidade financeira colaboradora e presenta-lo no órgano xestor da taxa ou prezo.' To the right of these sections are three buttons: 'Iniciar taxa', 'Operacións', and 'Descargar modelo'. At the bottom, there is a footer with 'XUNTA DE GALICIA' and '© Información mantida e publicada na internet pola Consellería de Facenda e Administración Pública. Atendémolo'.

Neste caso poderase descargar o modelo , pero **ATENCIÓN, por cada pagamento hai que descargar un novo modelo** isto é, non se pode usar un mesmo modelo para todos os

pagamentos, iso é debido a que cada modelo ten un código distinto na parte superior dereita e non pode haber distintos pagamentos cun mesmo código .

Instrucións para cubrir o impreso

1-Na parte do impreso denominada códigos deben cubrirse tal e como se indica no exemplo que se adxunta en PDF, isto é

Consellería de	CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES	Código: 07
Delegación de	SERVIZOS CENTRAIS	Código: 13
Servizo de	SECRETARÍA	Código: 01

Taxa :denominación:

COMEDORES ESCOLARES

Código : 352800

2. Na parte de **Suxeito pasivo** , deben cubrirse os datos do **pai, nai ou titor legal** do alumnado usuario por conta de quen se fai o pagamento.

3.Na parte denominada **Liquidación** deben cubrirse:

- Onde indica base de cálculo ou base imponible ou unidades debe poñerse o seguinte texto :
 - REGULARIZACIÓN PAGO DA TARIFA DO SERVIZO DE COMEDOR " nome do centro " " nome do alumno" ,
 - Numero días a regularizar N
- Onde indica tipo ou tarifa deberá indicarse a diferenza de prezo entre o efectivamente pagado e o que corresponde pola regularización derivada do cruce de datos (P).
- En importe a ingresar TOTAL deberá indicarse o resultado de multiplicar o numero de días a regularizar (N) , polo importe diario da diferenza (P).

Exemplo práctico:

Don Manuel P.M. é o pai do alumno Oscar P.F do CEIP San Caetano, na autodeclaración presentada para o servizo de comedor declaraba unha renda per cápita inferior a 7.000€ polo que o prezo a pagar era 0.

Ata o mes de marzo , usou o servizo de comedor durante 85 días, por cada un deles non fixo pago algún por canto o prezo que se lle supoñía era 0.

En marzo como resultado do cruce de datos , detectouse que a renda per cápita era superior á sinalada na autodeclaración e que o prezo que lle correspondía pagar por cada menú era de 1 € e non 0€.

Polo tanto o importe a regularizar é o resultado de multiplicar o numero de menús servidos a prezo incorrecto, neste caso 85 pola diferenza entre o prezo a pagar calculado tras o cruce de datos (1€) e o prezo pagado por aplicación da autodeclaración inicial (0€) , isto é $85*1$

Así no impreso, ademais de cubrir os datos persoais de D. Manuel P.M como suxeito pasivo , na parte de liquidación completaría os datos así :

BASE DE CÁLCULO OU BASE IMPOÑIBLE OU UNIDADES	TIPO OU TARIFA	IMPORTE A INGRESAR
REGULARIZACIÓN PAGO DA TARIFA DO SERVIZO DE COMEDOR CEIP SAN CAETANO, ALUMNO OSCAR P.F 85 DIAS	1 €	$85*1=85$ TOTAL <div style="border: 1px solid black; display: inline-block; padding: 5px;">85 €</div>